

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA EMPRESA E INNOVACIÓN
XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA
EDIFICIO ADMINISTRATIVO MONELOS
RUA VICENTE FERRER, Nº 2, 1º-2º ANDAR
15071- A CORUÑA

EXPEDIENTE: PLAN RESTAURACION DA CONCESIÓN MINEIRA CASALONGA Nº 6996.

ANTECEDENTES

1. O actual concesionario da explotación mineira Casalonga nº 6996 solicitou inicialmente con data 31.7.2018 a aprobación dun Plan de restauración mineira (que prevía a instalación dunha planta de biogás e outra de fertilizantes), que a Xunta de Galicia lle denegou o 14.12.2018, tralo informe municipal desfavorable de compatibilidade urbanística e ao contar cunha declaración de impacto ambiental negativa da Consellería de Medio Ambiente.

2. O concesionario solicitou, con data 17.1.2019, a tramitación dun novo Plan de restauración (que prevía o recheo con residuos inertes), que a Dirección xeral de Minas arquivou o 15.4.2020 tralas alegacións do Concello e o arquivo do procedemento de avaliación ambiental simplificada por parte da Consellería de Medio Ambiente.

3. O Concello de Teo emitiu informe nese último procedemento con data 19.9.2019 no que, entroutras cousas, concluía:

a) Que a actividade prevista no antedito plan incumpría as condicións de implantación fixadas no artigo 39 LSG, en concreto, a de garantir o acceso rodado de uso público á explotación;

b) Que non tiña en conta, á hora de devolver os terreos ocupados á súa morfoloxía orixinaria, as modificacións de provisión de materiais producidas durante o

desenvolvemento da actividade mineira que alteraron substancialmente a orografía orixinaria, tomando os planos de estado actual como estado natural do territorio; e

c) Que existía unha discordancia entre o ámbito presentado para os efectos da DIA e do plan de restauración.

4. A resolución de arquivo da Consellería de Medio Ambiente no procedemento de avaliación ambiental simplificada sinalaba que a documentación presentada polo promotor era insuficiente en relación coa descrición do patrimonio natural e a biodiversidade concorrentes, dos efectos sobre eles e no tocante ao plan de restauración a acometer.

5. A resolución de arquivo da Consellería de Economía precisaba que segundo os apartados b) e c) do Anexo III da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, os proxectos de instalación de eliminación ou valorización de residuos e as instalacións terrestres para o vertido de materiais de extracción están suxeitos á avaliación de impacto ambiental simplificada e que

“Para a redacción deste plan de restauración a sociedade titular do dereito deberá ter en conta os informes emitidos polos organismos sectoriais durante o procedemento concluído de avaliación de impacto ambiental simplificada.”

6. Posteriormente, nunha data de maio/2020 que non podemos precisar, a empresa concesionaria presenta un terceiro Plan de restauración como de adaptación do orixinario de maio de 1998, cuxo contido descoñecemos, con relación ao que só nos consta que a Consellería de Medio ambiente emitiu un informe con data 27.7.2020 no que di:

“... considerando que a diferenza entre este plan de restauración de maio/2020, presentado como adaptación ao vixente Rd 975/2009, do 12 de xuño, e o plan de restauración de maio de 1998, actualmente aprobado e que serviu de base para a emisión a DIA do 9.1.2002 e o outorgamento da concesión de explotación Casalonga nº 6996... é o uso do solo trala rehabilitación do oco da explotación para construción de naves

industriais de uso forestal, en concordancia co uso principal dos usos da contorna, comunícaselle que non é necesaria a modificación da mencionada declaración.”

7. No tocante á tramitación deste terceiro Plan de restauración o Concello de Teo considera:

1º

Que non é lexítimo que a Administración autonómica tramite como unha simple “adaptación” un Plan de restauración elaborado na lonxana data de 1998, que conta cunha DIA obsoleta aprobada hai case vinte anos, e que se refire a unha explotación que debe ser obxecto de adecuación ás disposicións do Rd 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos mineiros e protección e rehabilitación do espazo mineiro. Con máis razón cando nese prolongado período de tempo se produciron modificacións na normativa de protección do medio ambiente tan importantes como as leis de avaliación de impacto ambiental de 2008 (Rdlex. 1/2008, do 11 de xaneiro, que aprobou o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos) e de 2013 (Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental).

Nese mesmo sentido é significativo que precisamente o concesionario da explotación promovera en dúas ocasións consecutivas a aprobación dun novo Plan de restauración e só despois de que non conseguiu ese obxectivo se plantexase a presente “adaptación” do orixinario de 1998.

Aínda por riba débese recordar que o apartado 3 da Disposición transitoria primeira da Lei 31/2013 sinala que as declaracións de impacto ambiental aprobadas con anterioridade á súa entrada en vigor perden a súa vixencia e cesan nos seus efectos de non comezar a execución dos proxectos ou actividades no prazo máximo de 6 anos desde o 12.12.2013. Consta nos expedientes desa Consellería e no proceso de concurso de acredores da anterior titular da explotación que esta estivo paralizada durante máis de 6 anos a contar desde aquela data de entrada en vigor da antedita Lei, polo que por

aplicación analóxica daquel precepto, deberíase entender que a DIA do ano 2001 caducou e perdeu a súa vixencia.

En resumo, entendemos que a reiniciación da explotación da canteira de Casalonga esixiría a aprobación dun novo Plan de restauración axustado ás disposicións do Rd 975/2009 e que sexa obxecto de avaliación ambiental con suxeición á normativa actualmente vixente, no que se deberán ter en conta o informe do Concello de Teo e as suxestións e reclamacións que poidan presentar as persoas e entidades interesadas.

2º

Aínda por riba do anterior, deberíase ter en conta que o apartado 1 da Disposición transitoria primeira do Rd 975/2009 ordena que as instalacións de residuos mineiros que viñan sendo explotadas o 1.5.2008 dispoñían ata o 1.5.2012 para adecuarse ás disposicións do citado Real decreto, e que o artigo 3 desa norma define as anteditas instalación como “calquera zona designada para a acumulación e depósito de residuos mineiros en estado sólido, líquido ou en suspensión” por un prazo superior a un ano no noso caso. O evidente incumprimento desa disposición por parte da empresa concesionaria debería levar á caducidade do seu título de explotación, pero en todo caso reforza a nosa posición de esixencia dun novo Plan de restauración con avaliación ambiental actualizada.

3º

Apunta na mesma dirección a circunstancia de que o Plan de restauración regulamentariamente aprobado debería ser obxecto de revisión con periodicidade quinquenal (artigos 5.5 e 7 do Rd 975/2009), requisito que ignoraron tanto a empresa concesionaria como a propia administración autonómica co resultado de que estamos perante un Plan de restauración que non solo é obsoleto pola súa antigüidade senón porque no seu día non foi obxecto de ningunha revisión periódica.

4º

En calquera caso, a aprobación do Plan de restauración do que falamos esixe ao noso xuízo o trámite de información pública na forma prevista no artigo 6.3 e 4 do Rd 975/2009 de xeito que a súa omisión constitúe formalmente unha vulneración esencial das normas que regulan o procedemento legalmente establecido e materialmente un desprezo aos dereitos dos veciños do municipio de Teo a gozar dun medio ambiente adecuado.

5º

Sen prexuízo de todo o anterior, o artigo 3.3 do Real decreto 975/2009 tantas veces citado dispón que o plan de restauración debe conter a xustificación das fases de rehabilitación previstas coa finalidade de reducir ao mínimo durante o desenvolvemento da explotación os efectos negativos da explotación mineira e os riscos de adiar a rehabilitación ata as fases máis avanzadas e só se autorizará o inicio da rehabilitación ao final da vida da explotación en casos moi xustificados e documentados.

Esta cuestión, sen mingua das competencias sectoriais propias da administración autonómica, incide directamente no exercicio polo Concello de Teo das súas competencias en materia de control do uso do solo e disciplina urbanística, previstas nos artigos 25.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, e 80.2.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, en relación cos artigos 3.4 e 5, e 151 e seguintes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro.

Non suscitamos esta cuestión de forma simplemente teórica senón porque, como é notorio, no espazo obxecto da explotación mineira da que falamos, amoréanse desde hai anos de forma absolutamente incontrolada unha cantidade considerable de residuos tanto procedentes da propia explotación como de cascallos da construción.

Polo exposto, sen prexuízo das anteriores consideracións sobre o Plan de restauración da explotación Casalonga nº 6996 que tramita esa administración autonómica, ao abeiro do artigo 44 LXCA,

REQUIRIMOS Á CONSELLERÍA

para que remita a este Concello copia do Plan de restauración da citada explotación que está a ser obxecto de tramitación e nos permita o acceso ao expediente coa finalidade de posibilitar o exercicio das competencias municipais en materia de control do uso do solo e disciplina urbanística con relación á antedita explotación.

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira